




CONCELLO DA FONSAGRADA

Teléfonos de interese:
Concello: 982 34 00 00
Centro de saúde: 982 35 00 05
Protección civil: 982 35 00 22
628 925 037





Lonxitude: 2100 m.

Saída / Chegada: Igrexa da Porteliña

Dificultade: Baixa

Fontes: Dúas ao inicio, unha desviada do roteiro

Desnivel medio: 50 m.

Altura máxima: 700 m.

Tempo estimado: 1:30 h aproximadamente.



CARA O NOSO DESTINO...

Partindo de A Fonsagrada, pola estrada LU-530, en dirección Lugo, aproximadamente a 1,3 km, desvíamonos a man esquerda. Seguindo por esta pista 2,4 km encontramos a aldea da Porteliña, onde aparcamos a carón da súa peculiar Igrexa octogonal, comezando neste punto a ruta propiamente dita.


Atravesando a carón das numerosas mostras de arquitectura popular que alberga esta aldea: hórreos, palleiras e as tradicionais casas de pedra, adentrámonos nun sendeiro, observando a poucos metros a fonte da Chousa.



NA PROCURA DO MAZO...

Continuamos o traxecto baixo a protección dun bosque autóctono de carballos e castiñeiros, chegando ata o rego da Porteliña, o cal atravesaremos por unha ponte de madeira. Neste punto desvíamonos uns metros do traxecto para contemplar os restos dun antigo muíño así como unha fermosa seimeira.

Seguindo o curso deste río podemos observar dous pequenos saltos de auga, e máis un bosque de galería, conformado por amieiros, salgueiros e bidueiros, o cal nos conducirá ata outra ponte, a través da cal chegaremos ata o Mazo da Porteliña.



ESCOITA O SEU LATEXO...

Nesta singular ferrería, que aínda emprega a forza da auga, poderemos lembrar belas estampas rurais de artesanía popular nun ambiente máxico e enxebre, pois este mazo está recoñecido polos expertos como un dos mellores conservados de Europa, non sendo nunca obxecto de restauracións e concentrando en moi pouco espazo as engranaxes necesarias para que todos os mecanismos funcionen á perfección.

